

DINAMO Xestión de Actividades Socioculturais SL

APOSTANDO EN FEMINIMO

*Proposta de Actividades pola Igualdade de
Xénero e a Coeducación*



**Proposta de Actividades para 8 de Marzo
(Día Internacional das Mulleres)**

“O pleno recoñecemento da igualdade formal ante a lei, aínda despois de dar, sen dúbida, un paso decisivo, resultou insuficiente. A violencia de xénero, a discriminación salarial, a discriminación nas pensións de viudedade, o maior desemprego feminino, a aínda escasa presenza das mulleres en postos de responsabilidade política, social, cultural e económica, ou os problemas de conciliación entre a vida persoal, laboral e familiar amosan cómo a igualdade plena, efectiva, entre mulleres e homes, aquela «perfecta igualdade que no admita poder nin privilexio para uns nin incapacidade para outros», en palabras escritas por John Stuart Mill hai case 140 anos, é aínda hoxe unha tarefa pendente que precisa de novos instrumentos xurídicos.

Resulta necesaria, en efecto, una acción dirixida a combater todas as manifestacións aínda subsistentes de discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo e a promover a igualdade real entre mulleres e homes, con remoción dos obstáculos e estereotipos sociais que impiden alcanzala. Esta esixencia derivase do noso ordenamento constitucional e integra un xenuíno dereito das mulleres, pero é á vez un elemento de enriquecemento da propia sociedade española,...

*marzo,
para a igualdade efectiva de mulleres e homes.*



*LEI ORGÁNICA
3/2007, do 22 de*

INTRODUCCIÓN

DINAMO Xestión de Actividades Socioculturais SL é un proxecto empresarial de carácter primordialmente social, polo que un dos eixos da nosa intervención sociocultural é a de traballar a prol da igualdade entre homes e mulleres.

En todas e cada unha das actividades que realiza DINAMO SL está presente unha perspectiva feminina, unha perspectiva de xénero, o cal garante que en cada unha das actividades se aporta un pouco no camiño da igualdade.

Pero ademais desa transversalidade, desa óptica de xénero que lle damos a todas e cada unha das accións e servizos que ofertamos tamén ofrecemos e xestionamos actividades e propostas específicas sobre a coeducación.

Dende pequenas charlas e obradoiros, ata grandes propostas culturais como animacións teatrais ou festivais.



Dentro da intervención social fomos especializándonos entre outros en temas relacionados coa coeducación, a igualdade de xénero e contra calquera tipo de violencia relacionada coa muller en cada un dos ámbitos sociais do noso día a día.

A continuación esbozamos unha proposta de actividades para desenvolver nun ámbito lúdico. Trátase dunha proposta integral de actividades independentes onde traballamos a coeducación dende diferentes puntos de vista. Os contos, os xogos, as artes, o propio entorno social das e dos participantes.

DESEÑO DE CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN

Un dos servizos integrais que ofrecemos dende DINAMO Xestión de Actividades Socioculturais SL é o deseño e desenvolvemento de campañas de sensibilización, difusión, comunicación, imaxe ... As campañas poden englobar accións de moi diferente tipo: deseño e edición de exposicións, materiais didácticos ou promocionais, actividades para diferentes sectores da poboación (obradoiros, cursos, actuacións teatrais e musicais, actividades lúdicas, charlas e conferencias) ...

Coas campañas que levamos a cabo facemos chegar á cidadanía unha mensaxe clara, que favoreza a reflexión sobre a igualdade de xénero e facilite cambios de comportamento positivos.




DESEÑO DE EXPOSICIÓN E OUTROS MATERIAIS

Unha das grandes ferramentas pedagóxicas dentro da sensibilización son as exposicións temáticas. Dende DINAMO deseñamos e editamos exposicións temáticas e todo tipo de elementos expositivos.

Os nosos servizos inclúen tanto o deseño, selección e redacción dos contidos como o deseño gráfico, montaxe, distribución, ...

Ademais das exposicións temáticas deseñamos contidos en todo tipo de soportes, con fins didácticos e/ou promocionais.



PROGRAMAS EDUCATIVOS EN IGUALDADE DE XÉNERO

Referímonos a programas educativos implementados a cabo en centros escolares, en horario lectivo, nos que se levan a cabo unha serie de sesións de traballo nas que se traballa na sensibilización na igualdade de xénero.

As sesións seguen unha metodoloxía grupal e baseada na dinámica de grupos e serven para que mozas e mozos analicen as súas ideas, desmonten os seus estereotipos de xénero, se encamiñen cara o bó trato e eviten calquera tipo de discriminación.

Normalmente o número de sesións vai de tres a cinco, pero a equipa educativa de DINAMO adáptase ás necesidades de cada entidade.

Ademais contamos con programas diferenciados para cada etapa educativa, dentro de Educación Primaria e Secundaria.



ACTIVIDADES PARA NENAS/OS E MOZAS/OS

Algunhas das actividades que se poden realizar dentro dos ámbitos infantil e xuvenil, para a promoción da igualdade, son as seguintes.

ACTIVIDADES LÚDICAS E EDUCATIVAS (para nenas/os)

Algunhas das propostas que facemos dentro da etapa infantil son as seguintes:

- **XOGOS NON SEXISTAS:** sesión de xogos e dinámicas onde se cambian os roles de xénero e onde non importa se os xogos son de “nenas” ou de “nenos”.
- **XIMKANA DA IGUALDADE:** as nenas e nenos deberán superar unha serie de probas, preguntas, ... relacionadas con cuestións de xénero, igualdade.
- **PARTY DA IGUALDADE:** dinámica que toma como base o xogo de mesa “Party”, ideado para desenvolverse en aula con nenos e nenas de educación primaria, a través desta dinámica os e as participantes afondarán da na realidade de xénero.

CONTOS CONTADOS CON TODAS E TODOS (para nenas/os)



Trátase dunha ou varias sesións de contacontos infantil na que se abordan os contos dende un punto de vista non sexista, desmontando moitos mitos adquiridos e facendo reflexionar a todas as cativas e cativos.

Nos contos as personaxes comprenden a importancia da igualdade de xénero, desempeñan roles non moi usuais ... ensinan que todas e todos debemos ter as mesmas oportunidades.

OBRADOIROS PARA A COEDUCACIÓN (para nenas/os)

DEBUXANDO NA COEDUCACIÓN.

Este é un obradoiro de “manualidades” onde as e os participantes reflectirán a súa realidade social en canto ós roles masculinos e femininos e tamén unha realidade xusta ou ideal. Nunha posta en común compáranse as dúas ou máis realidades.

CREANDO DENDE A COEDUCACIÓN.

As cativas e cativos crearán as súas propias historias nas que homes e mulleres cumpran funcións diferentes que nos contos chamados “clásicos”. Nos novos contos primará a igualdade e o intercambio de roles de xénero.

OBRADOIRO COEDUCATIVO (para mozas e mozos)

Ideado para as mozas e mozos que están rematando a súa educación secundaria, e que en pouco tempo comezarán a súa andanza como mulleres e homes independentes. Neste obradoiro traballaranse eses coñecementos básicos e importantes para poder levar unha vida autónoma. Estes mesmos coñecementos serviranos como eixo para afondar no reparto sexista de funcións no traballo doméstico, e tratar de buscar unha nova organización.

O obradoiro realizase con dous grupos de participantes, por un lado o grupo de rapaces e por outro o de rapazas, isto ten como obxecto que os e as participantes poidan visibilizar de maneira máis efectiva e vivencial o androcentrismo da nosa sociedade. Así cada grupo, o de rapazas e o de rapaces traballará diferentes contidos.

- Grupo de rapaces:
 - Cociña
 - Costura e limpeza do fogar.
 - Economía doméstica.
 - Socialización de xénero, a publicidade.
- Grupo de rapazas:
 - Mantemento do fogar, electricidade.
 - Bricolaxe.
 - Mecánica básica.
 - A discriminación de xénero.



OBRADOIRO DE LIGUE (para mozas e mozos)

Obradoiro educativo con un gran compoñente lúdico ideado para mozos e mozas de Educación Secundaria, ideal para realizar no ámbito do lecer e o tempo libre no que traballaran contidos como a resolución de conflitos, a corresponsabilidade de xéneros ou a prevención do VIH.

OBR. DE HIP-HOP CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO (para mozas/mozos)

Propoñemos un obradoiro onde as mozas e mozos creen as súas propias rimas. Serían rimas temáticas, co obxectivo de concienciar na prevención da violencia de xénero.


Unha vez compostas as rimas e ensaiadas pódese organizar un concerto ou pequena actuación musical.



ACTIVIDADES PARA POBOACIÓN ADULTA

Neste apartado presentamos actividades abertas para todos os públicos, pero especialmente destinadas para a poboación adulta.

CINEFORUM DA IGUALDADE



Un dos medios onde a desigualdade é máis patente son os mass media. A televisión, o cine, internet, a prensa, ... seguen a perpetuar a desigualdade de xénero. Nesta actividade propoñemos a proxección de películas, curtas, fragmentos de cine, ... para manter logo un debate onde se analizarán, criticarán e avaliarán as situacións referidas.

Aproveitarase tamén neste obradoiro para analizar todos estes medios dunha maneira máis crítica, sendo conscientes dos contidos visibles e dos contidos ocultos.

Empregaremos diferentes obras cinematográficas para afondar en diferentes problemáticas vencelladas a identidade de xénero.

- “Te doy mis ojos”: Violencia de xénero e androcentrismo.
- “Quiero ser como Beckham”: Os estereotipos e os roles de xénero.
- “Todo sobre mi madre”: Os roles sociais de xénero.
- “Por tu propio bien” (curta de 15 minutos): O trato diferenciado e a violencia estrutural de xénero.

ROTEIRO COEDUCACIONAL

Un dos eidos nos que a coeducación se fai máis necesaria e no día a día das mozas e mozos. No entorno social no entorno xeográfico. Por todo isto unha das actividades que nos parecen máis interesantes é a do Roteiro Coeducacional.

Neste roteiro daremos un paseo pola vila, polos espazos máis importantes, polos espazos máis cotiás, ... e as e os asistentes faranse partícipes das distintas situacións de desigualdade coas que se atopan a diario: as profesións, os espazos típicos de cada xénero, as partes dun fogar, ...

Queremos que esta temática se perciba nos distintos espazos sociais e cotiás.



ACTIVIDADES DIFERENCIADAS POR SEXO

PARA HOMES

OBRADOIRO DE MASCULINIDADE

Neste obradoiro os homes aprenderán a analizar a súa propia masculinidade, a poñer en dúbida os roles masculinos e femininos, pero sobre todo a desbotar grandes mitos.

Unha boa parte da actividade adicarase a traballar as emocións, aprender a expresalas, pero sobre todo aprender a non ocultalas.

Os homes descubrirán que a masculinidade non é única nin uniforme, senón que hai moitas maneiras de ser home e todas son igual de válidas. Comprenderán que non é necesario seguir o estereotipo de home dominante.

OBRADOIRO DE CORRESPONSABILIDADE

Moitos homes cando se lle pregunta si realizan tarefas do fogar contestan moi orgullosos que eles sí axudan nas súas casas. Pero axudar non basta, mentres os homes só axuden na casa significa que as obrigas domésticas seguen recaendo sobre as mulleres. Neste obradoiro os homes aprenderán o verdadeiro significado do termo corresponsabilidade, referida ó reparto igualitario das tarefas do fogar.

Descubrirán un novo modelo familiar baseado nun reparto xusto das obrigas domésticas que permite a conciliación entre o mundo familiar e laboral.



PARA MULLERES

OBRADOIRO DE EMPODERAMENTO

Neste obradoiro dirixido a mulleres as participantes analizarán a situación xeral das mulleres e a súa propia situación individual. Unha vez feita esta análise debatirase como aumentar as súas cotas de poder tanto a pequena escala (situación persoal) como a nivel comunitario.

O obxectivo é abandonar os roles de submisión que moitas veces ocupan as mulleres nas relacións interpersoais, grupais, ...



OBRADOIRO DE CONCILIACIÓN

Coa participación nesta actividade as mulleres coñecerán todos os recursos posibles para acadar un dos seus dereitos máis básicos: a conciliación do mundo laboral e familiar.

Ademais dos recursos públicos que poida ter á súa disposición tamén descubrirá como organizar e implicar á súa familia neste gran, pero necesario, obxectivo.

GRUPO DE MULLERES

Quizais dunha maneira máis informal propoñemos a creación dun grupo de mulleres que se reúnan con carácter semanal ou quincenal (segundo as súas posibilidades) simplemente para falar e dialogar entre elas e poder axudarse unhas ás outras.

A actividade estaría coordinada por unha educadora que acompañaría todos os procesos e ofrecería o asesoramento necesario.

CURSO DE COEDUCACIÓN

INTRODUCCIÓN

Hoxe en día vivimos nunha sociedade avanzada que vela pola igualdade de oportunidades para as mulleres e homes, polo menos é o que reflicten as leis. A nivel legal e a nivel teórico ninguén discute a igualdade de xénero, pero na práctica, na vida real seguimos percibindo infinidade de conductas sexistas, moitas delas inconscientes, pero que discriminan de novo ás mulleres.

As e os responsables desta lacra social non son só os homes, senón que tamén as mulleres e toda a sociedade perpetúan patróns de comportamento machistas e discriminatorios.

Para poder cambiar esta tendencia debemos traballar na educación das e dos cidadáns, en todas as etapas da súa vida, dende a máis tenra infancia ata a terceira idade. A implicación de todas e todos na solución deste problema é vital e necesaria. E unha boa forma de traballar en contra do sexismo é educar en igualdade ás nenas e nenos, para que aprendan a respectarse, a valorarse e a convivir en ambientes de igualdade e non discriminación.


PROGRAMA DE CONTIDOS

- Que é a coeducación?
- Obxectivos da coeducación.
- Evolución do ensino: dende a escola segregada ata a coeducación.
- Igualdade - Desigualdade de xénero
 - o Ámbito profesional
 - o Ámbito doméstico.
 - o Outros ámbitos
- Adquisición das identidades de sexo e xénero.
 - o Estereotipos de xénero.
 - o Creación de actitudes dende:
 - a linguaxe
 - os xogos
 - os libros de texto
 - a literatura infantil
 - os medios de comunicación.
- Igualdade de oportunidades
- Traballo das educadoras/es para a coeducación.
 - o Análise da realidade.
 - o Programas de coeducación.
 - o Xogos, dinámicas e exercicios coeducativos.
 - o Metodoloxía coeducativa.
 - o Actitudes docentes coeducativas.
 - o Experiencias de promoción da igualdade de xénero.
 - o Recursos para a coeducación



CURTAS POLA IGUALDADE

Dentro da gran area artística que é o mundo do cine, propoñemos unha actividade baseada na procura de outras realidades, a través da creación de curtas e pequenas videocreacións, nas que se mostrará as reflexións que os e as participantes fixeron sobre a loita dos dereitos da mulleres e a necesidade de acadar unha sociedade máis equitativa. Deste xeito empregaremos a creación audiovisual como un modo de acadar coñecementos sobre o xénero, así como un medio de expresión cara a sociedade.




ANIMACIÓN TEATRAIS CONTRA A DESIGUALDADE

Varias actrices e actores sairán as rúas para interaccionar co público en xeral, representando situacións arquetípicas do machismo. Todo esto dende un punto de vista cómico e humorístico que faga reflexionar ás e ós viandantes sobre as súas actitudes ante os feitos sexistas.



FESTIVAL “VIOLETA”



Dende DINAMO Xestión de Actividades Socioculturais S.L., buscamos ofertar propostas integrais que resolvan de maneira integral as necesidades da nosa clientela. Concretamente con este bloque pretendemos facilitar a organización dos actos que se celebran coincidindo coas efemérides vencelladas á muller e a igualdade.

O bloque incluiría diferentes actividades, nas que se incluiría un espectáculo artístico, unha actividade infantil recreativa e un obradoiro educativo.

Dentro dos espectáculos que temos dispoñibles, relacionados co xénero, poderanse escoller os seguintes:

POETAS POLA IGUALDADE

Recital poético no que dúas poetisas, a través dunha mestura de música e versos, lle tomarán o pulso o sentir do feminismo e a loita polos dereitos da muller.

MONÓLOGO DE HUMOR (PEDRO BRANDARIZ)

O gran monologuista Pedro Brandariz fal un repaso dos comportamentos sexistas e das desigualdades da nosa sociedade, todo elo en clave humor.

ACTUACIÓN MUSICAL (MANU CLAVIJO)

O coñecido cantautor Manu Clavijo, sempre comprometido coas causas sociais e concretamente, coas diferentes discriminación cara as mulleres. Fará un repaso sobre os seus temas máis vencellados coa loita polos dereitos das mulleres.

CHARLAS E CONFERENCIAS

Seguindo co apartado divulgativo, dende DINAMO SL podemos ofrecer charlas, conferencias, coloquios, xornadas ... temáticas, referidas a cuestións de xénero e igualdade.

Calquera das accións divulgativas terán un marcado carácter didáctico e pedagóxico, para que as mensaxes cheguen de maneira clara ás persoas asistentes. Ademais nas xornadas, conferencias ... sempre participarán persoas expertas, con gran coñecemento e experiencia no eido da igualdade e da prevención da violencia de xénero.



PARA MÁIS INFORMACIÓN

Se queredes máis información ou contactar con DINAMO non tedes máis que chamar ó 647.488.688 ou ben escribir un correo electrónico a dinamo@dinamoxestion.com.

DINAMO Xestión de Actividades Socioculturais SL

647.488.688 --- dinamo@dinamoxestion.com

www.dinamoxestion.com

<http://dinamoxestion.blogspot.com>

